

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 4 de setembro de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se aproban as listaxes provisionais das solicitudes admitidas e excluídas correspondentes ás axudas do Fondo de Acción Social do ano 2026 para o persoal ao servizo da Administración de xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co establecido no punto 4 da Resolución do 29 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade á convocatoria e aos criterios de repartición do Fondo de Acción Social do ano 2026 para o persoal ao servizo da Administración de xustiza con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro. Aprobar as listaxes provisionais das solicitudes admitidas e excluídas.

Por causa do carácter persoal dos datos vinculados a estas, a persoa interesada accederá á información relativa á admisión ou exclusión provisional da súa solicitude a través da OPAX, co seu certificado dixital recoñecido ou co usuario e contrasinal.

Segundo. As persoas interesadas terán un prazo de dez días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para formular as reclamacións que consideren oportunas e emendar os defectos da exclusión provisional.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación ou ben un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante este centro directivo.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2026

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

CVE-DOG: hmcgsa99-zht2-pox0-udr6-y6akeije1dh2

